



## **Manifesto Primeiro de Maio 2026**

### **Dereitos, non trincheiras**

#### **Salarios, vivenda e democracia**

As organizacións sindicais CCOO e UGT, comprometidas cun sindicalismo de clase, internacionalista e profundamente democrático, convocamos a cidadanía a participar nas mobilizacións do 1.º de Maio de 2026. Facémolo nun momento decisivo, no que están en xogo non só as condicións de vida da clase traballadora, senón a propia calidade das nosas democracias.

Fronte a quen pretende dividirnos, enfrontarnos e levantar trincheiras, o movemento sindical responde con máis dereitos, máis cohesión social e máis democracia.

Vivimos un contexto internacional marcado pola inestabilidade, a guerra e a contestación ao dereito internacional. Os réximes autárquicos e plutocráticos, liderados pola administración Trump, están a erosionar o equilibrio da orde internacional, impulsando un escenario de crecente inestabilidade no que os valores democráticos están cada vez máis debilitados e cuestionados.

A escalada do conflito en Oriente Medio, a persistencia de guerras abertas en distintas rexións do mundo, como a agresión a Ucraína, o xenocidio en Gaza ou ataques indiscriminados no Líbano, evidencian o fracaso da comunidade internacional para garantir a paz. Reclamamos o respecto estrito ao dereito internacional, a fin das guerras e a protección da poboación civil. Non pode existir unha dobre vara de medir na defensa dos dereitos humanos; deben depurarse todas as responsabilidades polos crimes de lesa humanidade.

Esiximos unha Unión Europea valente e propositiva que se comprometa na defensa dos dereitos humanos no mundo. Por iso, UGT e CCOO, xunta a Confederación Europea de Sindicatos, mobilizaranse para esixir unha resposta social da Unión tanto nas súas políticas comunitarias como no seu papel como actor xeopolítico.

O sindicalismo, como actor global, reafirma o seu compromiso coa paz, a xustiza social e a cooperación entre os pobos.

Pero tamén asistimos a unha ameaza crecente que se infiltra como cabalo de Troia no seo das nosas sociedades. O avance da ultradereita, en España e no mundo, non é unha opción

política máis: é un proxecto que cuestiona dereitos fundamentais, alimenta o odio e debilita a democracia.

A proliferación de partidos de ultradereita no noso país está xerando un clima crecente de crispación e polarización política, marcado polo avance de posicións reaccionarias que se alimentan do machismo, a LGTBIfobia, a aporofobia e o racismo, envolveitas nun nacionalismo rancio e nostálxico dun pasado que algúns pretenden resucitar. Neste contexto, os discursos racistas promoven escenas como as acontecidas hai uns meses na cidade de Torre Pacheco ou a dos cánticos contra a poboación musulmá escoitados recentemente no partido de fútbol da selección española, non son feitos illados: son síntomas dunha deriva perigosa que debemos frear colectivamente.

No noso país, as organizacións sindicais valoramos a posta en marcha do proceso de regularización extraordinaria de persoas migrantes, unha medida de xustiza imprescindible que debe garantir dereitos e poñer fin á explotación laboral.

Fronte a quen promove o odio, o sindicalismo defende a igualdade, a convivencia e os dereitos humanos. Sen diversidade non hai democracia. Sen democracia non hai dereitos laborais.

España debe afrontar ademais retos estruturais que requiren respostas de Estado: a emerxencia climática, a vertebración territorial, o reto demográfico —que afecta especialmente a xente nova e persoas migrantes— e o reforzo dos servizos públicos deben fortalecer as garantías de igualdade e cohesión social. España ten unha oportunidade óptima para mellorar a competitividade do seu modelo produtivo, reequilibrando económica e socialmente o territorio e mellorando a calidade do emprego, da man das enerxías renovables. Esta é a columna vertebral da proposta sindical para un Pacto de Estado pola Emerxencia Climática que lle trasladamos ao Goberno recentemente.

Noutra orde de cousas, a vivenda converteuse nunha emerxencia social. Non pode ser tratada como un ben de especulación. Son imprescindibles un pacto social e político e unha intervención pública decidida que garanta o acceso a unha vivenda digna, cun parque público suficiente e mecanismos eficaces para garantir o acceso seguro e alcanzable ao conxunto da cidadanía, especialmente á mocidade. Porque sen vivenda non hai proxecto de vida. E sen proxecto de vida non hai cohesión social nin democracia.

En España, os avances logrados nos últimos anos demostran que outra política económica e laboral é posible. O diálogo social permitiu mellorar o emprego, reducir a temporalidade e subir salarios. Pero non abonda; a millóns de persoas, a súa situación económica non lles permite cubrir as súas necesidades básicas con suficiencia.

É o momento de consolidar e profundar as reformas progresistas que dean continuidade ás realizadas os últimos anos. Por iso, as organizacións sindicais impulsamos unha plataforma unitaria centrada na reforma do despedimento conforme a Carta Social Europea, a regulación do contrato a tempo parcial para acabar co seu uso fraudulento, o reforzo do

diálogo social e a negociación colectiva para repartir a riqueza e mellorar salarios, e unha resposta decidida ao problema da vivenda, principal factor de desigualdade, especialmente para a mocidade e persoas traballadoras.

O fortalecemento da negociación colectiva debe ser unha prioridade. Necesitamos un novo pulo do Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva que permita seguir subindo os salarios, reducir a xornada laboral e distribuír de maneira xusta os incrementos de marxes e beneficios obtidos pola inmensa maioría das empresas do noso país.

Neste contexto de transformación tecnolóxica, a dixitalización e a intelixencia artificial deben estar ao servizo das persoas traballadoras. A mellora da produtividade debe traducirse en mellores salarios, menos tempo de traballo e máis dereitos, non en maior precariedade ou control empresarial. O sindicalismo é e seguirá sendo o instrumento fundamental para garantir unha distribución xusta da riqueza xerada.

Hoxe, máis ca nunca, cómpre activar a mobilización sindical e social.

Porque os dereitos non se regalan: conquístanse.

Porque cada avance foi froito da loita colectiva.

Porque fronte ao ruído, o odio e a división, a clase traballadora responde con unidade, dereitos e democracia.

## **Este Primeiro de Maio chamamos á mobilización:**

- Pola mellora da seguridade e a saúde no traballo.
- Pola reforma do despedimento, para gañar seguridade.
- Pola regulación do tempo parcial, para acabar coa precariedade.
- Por salarios dignos, para vivir mellor.
- Pola redución da xornada, para gañar tempo de vida.
- Pola negociación colectiva, para gañar dereitos.
- Pola vivenda, por ser un dereito básico.
- Polos servizos públicos, para asegurar igualdade.
- Pola transición ecolóxica xusta, para construír futuro.
- Pola igualdade e a diversidade, para defender a democracia.
- Polo sindicalismo, para fortalecer a democracia.

## **Dereitos, non trincheiras.**

## **Salarios, vivenda e democracia.**

## **Viva o 1.º de Maio!**